

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

# CHALECO SALVAVIDAS

suma pasos para gañar vidas, a túa vida . . . . .



Galicia  
invieste no RURAL





## MOTIVOS PARA UTILIZAR O CHALECO



## POR QUE UTILIZAR O CHALECO SALVAVIDAS?

Porque en caso de caída accidental ao mar:

- Mantente na auga con maior seguridade, particularmente se non podes nadar, estás exhausto, ferido ou incapacitado doutra forma
- No caso de chalecos autoinchables, funcionan sen ningunha intervención polo túa parte, excepto vestilo inicialmente
- Permite que te despraces ti mesmo, na auga, sen estar incómodo
- Axúdate a concentrar os teus esforzos en salvarte máis que en manterte a flote
- Axuda ao teu rescate
- En caso de que caias á auga e o chaleco dispoña dela, a radiobaliza persoal de localización facilitará a busca e o teu rescate



## USO DE CHALECO AXEITADO



## UTILIZA UN CHALECO CUNHA FLOTABILIDADE AXEITADA PARA A SITUACIÓN DE RISCO

- 100 N: En augas calmas e protexidas
- 150 N: En alta mar levando roupa contra o mal tempo
- 275 N: En alta mar en condicións extremas e levando roupa de protección pesada



## COLOCACIÓN DO CHALECO

1

Coa fibela desenganchada, as correas frouxas e o chaleco de fronte, introduce un dos brazos pola manga do chaleco



2

A continuación, pasa o outro brazo e viste o chaleco como se fose unha chaqueta





## COLOCACIÓN DO CHALECO

3

Encaixa ambas as dúas fibras ou broches



4

Cingue a correa, axustando o chaleco ao corpo



5

Non vistas ningunha peza de roupa por enriba do chaleco de traballo,  
nin sequera a chaqueta de augas



## UTILIZACIÓN DO CHALECO EN CUBERTA



## ALMACENAMENTO DOS CHALECOS



## MANTEMENTO DOS CHALECOS

### MANTÉN O CHALECO POSTO MENTRES TRABALLAS NA CUBERTA

- Recorda que en caso de caer á auga o chaleco é capaz de inverter a túa postura, colocarte en posición estable e manter as túas vías respiratorias fóra da auga
- Comproba que o chaleco está equipado con dispositivos de sinalización, materiais retrorreflectantes, luz de escintileos, silbato, etc), sobre todo se se prevén traballos nocturnos

### ALMACENA SEMPRE OS CHALECOS NUN LUGAR SECO

- É conveniente secar ao aire os chalecos húmidos ou mollados, antes de almacenalos
- Os chalecos nunca se deben secar aproximándoos a fontes de calor

### REALIZA UN CONTROL PERIÓDICO DOS CHALECOS SEGUINDO AS INSTRUCIÓN DO FABRICANTE

Antes de cada uso, recorda:

- Asegúrate sistematicamente do bo estado xeral do chaleco
- En caso dos chalecos inchables, verifica que o cartucho de gas comprimido está cheo e ben colocado, que o percutor está armado e que a válvula do tubo de inflado oral está bloqueada

Despois de cada uso, enxauga o chaleco con auga doce, limpa e fría



Instituto Galego  
de Seguridade  
e Saúde Laboral



galicia



ISSGA.XUNTA.ES

